


Almáciga & Espírito Santo

Non te perdas...

- A primeiros de setembro, as *afamadas* festas da *Rúa de Abaixo*, no barrio do Espírito Santo, vinculadas á celebración da Guadalupe pero que tiñan —e seguen tendo— verbenas de moita sona.
- O espectacular panorama sobre a cidade desde o Parque da Almáciga.
- As montañas (modelos a escala natural) dos elementos arquitectónicos da igrexa de Santa Clara, aparecidas no chan orixinal de pedra e reproducidas no piso actual.
- A festa de San Xoán na Almáciga, con feira e sardiñada, a celebrar arredor do 23 de xuño.



Os comercios do barrio:


Carnicería La Estila Avenida de Coimbra, 5	Pastelería Dulcysal Rúa de Basquiños, 13-15	Froitas León Rúa de Basquiños, 65	Obradoiro de calzado Rúa de Santa Clara, 16
Bar Nasa Avenida de Coimbra, 24	Peluquería Marisol Rúa de Basquiños, 18	Albergue Meiga Rúa de Basquiños, 67	Peluquería Zaida Bárcena Rúa de Santa Clara, 16-1º
Bar Estila Avenida de Coimbra, 4	Mundo Canabo Rúa de Basquiños, 22	Cafetería Basquiños Rúa de Basquiños, 71	Antonio Peluqueros Rúa de Santa Clara, 16-1º
Farmacia Avda. Coimbra 9 Avenida de Coimbra, 9	Panadería Mili Moure Rúa de Basquiños, 23	Bar Leis Rúa de Basquiños, 71	Papelería Dona Rúa de Santa Clara, 17
Peixes Mari Carmen Avenida de Coimbra, 9	Café Bar Royalty Rúa de Basquiños, 26	Restaurante O Braseiro Rúa de Basquiños, 83	Panadería Santa Clara Rúa de Santa Clara, 20
Supermercado A Estila Avenida de Salamanca, 10	Clínica Dental Jesús Rodríguez Rúa de Basquiños, 29-2º	Super Manuela Rúa de Enfesta, 6	Perruquería Sole Rúa de Santa Clara, 3
Papelería Mari Avenida de Salamanca, 2	Peixerías Ollomol Rúa de Basquiños, 3	Cafetería San Caetano Rúa de Pastoriza, 15	Lotería Pichita Rúa de Santa Clara, 18
Mapfre Seguros Travesa de Pastoriza, 1	Fotocopias T44 Rúa de Basquiños, 36	Farmacia Pastoriza 18 Rúa de Pastoriza, 18	Cervexería A Barraca Rúa de Touro, 1
Peluquería Garbo Travesa de Basquiños, 9	Perruquería Aina Rúa de Basquiños, 39	Ecogás Mondego Rúa de Pastoriza, 20	Bar Severino Rúa de Touro, 27
Café Bar Pastoriza Travesa de Pastoriza, 2	Alimentación Mari Carmen Rúa de Basquiños, 50	Expendeduría de Tabaco 23 Rúa de Pastoriza, 22	Carnicería Touro Rúa de Touro, 5
Peluquería Géminis Travesa de Pastoriza, 3	Motos e bicis Carballeiro Rúa de Basquiños, 50	Cafetería O Parlamento Rúa de Pastoriza, 9	Mesón O Ribeiro Rúa de Touro, 7
Café Bar Congreso Travesa de Pastoriza, 6	Eurofrut SL Rúa de Basquiños, 52	Hotel Santa Clara Rúa de Santa Clara, 12	Hotel La Salle Rúa de Tras Santa Clara, s/n
Supermercado Dia Market Rúa de Basquiños, 37	Carnicería Rosa e Moncho Rúa de Basquiños, 63	Café Bar 13 Rúa de Santa Clara, 13	Merca Más Rúa do Espírito Santo, 50
Vidrieras Makore Rúa de Basquiños, 1			Bodegón Bar Arzúa Rúa do Pino, 13




Almáciga & Espírito Santo



"Unha maneira de facer Europa"



Urbana
Santiago
Norte



CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellaría de Comercio

- A exploración será en equipos; podes traer a túa cuadrilla ou formar grupo con outros participantes. Terás que ser maior de 16 anos ou vir acompañado/a por un adulto/a.
- O equipo gañador recibirá unha cesta agasallo de produtos dos establecementos do barrio. Aqueles que rematen a busca e atopen o "tesouro", recibirán un vale gastronómico.
- O número máximo de participantes é de 30, así que non te demores! máis información: comercio@santiagodecompostela.org





A Almáciga e o Espírito Santo

A Almáciga é, xunto co outeiro de Santa Susana, o monte máis próximo ao casco histórico. Durante séculos o cumio e as súas abas foron mudando, transformándose aos ritmos mesmos da cidade. Así, pouco a pouco, as árbores e pastos comunais foron dando lugar a lugares e rúeiros, e os vellos camiños a estradas e rúas. O que noutro tempo foron un conxunto de arrabaldes espaxados polo monte e ao longo dos camiños, hoxe son barrios plenamente integrados na trama urbana. Barrios que conservan as raíces do seu pasado, un interesante legado patrimonial e unha vida social e económica que os dota de personalidade propia. O Barrio do Espírito Santo e o da Almáciga teñen moito que amosar aos seus visitantes e máis dun tesouro agochado polo que paga a pena facer unha visita.

1 Convento do Carme

O día do Carme de 1753 deron comezo as obras desta casa relixiosa, a primeira da súa orde en Galicia, nacida do impulso e esforzo de Sor María Antonia de Xesús —monxa, mística, escritora e protagonista dunha biografía novelesca e coñecida como a *monxiña do Penedo*— e da xenerosidade do Conde de Priegue—que cedeu a súa finca de recreo sita neste lugar—. Dunha orde pobre, o edificio tardou en rematarse e responde á filosofía da orde das carmelitas descalzas, que prima a sinxeleza e a sobriedade aínda que non renuncia por completo ás tendencias barrocas. A súa igrexa conserva algunhas fermosas pezas de escultores galegos do seu tempo como José Gambino e José Ferreiro, sendo a parte visible dun complexo que inclúe as dependencias monásticas e unha horta.

2 Convento de Santa Clara

Segundo a tradición, as clarisas chegaron a Santiago grazas ao apoio da raíña dona Violante. Os historiadores, non obstante, documentan o relevante papel dos Vidal composteláns no nacemento e desenvolvemento desta casa relixiosa, asentada nunha finca da súa propiedade. Aínda que están aquí desde o s. XIV pouco queda dos edificios góticos, pois foron renovados posteriormente. A gran transformación tivo lugar a partir de 1680 e nela participaron mestres como Domingo de Andrade e Simón Rodríguez. O convento estruturase arredor das estancias conventuais, que teñen un fermoso claustro central, a horta e a igrexa. É moi peculiar a fachada principal, como un pano de adorno ou un retablo en pedra, pois non da acceso á igrexa senón á portería e ao xardín que preceden o espazo conventual.

3 Rúa do Espírito Santo

Malia situarse nun dos confíns antigos da cidade, este barrio —como sempre se chamou— acadou moi pronto perfil urbano, de rúeiro ao longo dos camiños a Vite e á Coruña. Foi sempre barrio de xentes modestas e traballadoras, de artesáns con obradoiro na propia casa e de lavadeiras que baixaban ao río da Pena. Aínda que rehabilitadas, moitas das casas preservan o perfil tradicional e mesmo as marcas de propiedade, como a concha (do cabido catedralicio) ou a pomba (dos racioneiros de *Sancti Spiritus* ou do Espírito Santo). Trátase dun barrio pequeno con forte personalidade e de xente famosa, como as irmás Maruxa e Coralía (*As Mariás*) ou Ramón Buján, o último sereno de Galicia.

4 A traída da auga (arqueta e fonte)

Santiago ten traída pública de augas desde os tempos medievais. Un conxunto de canles e arquetas levaban a auga desde os Montes de Vite ás fontes da cidade por gravidade. O mantemento do sistema foi sempre custoso e constante a vixilancia para evitar roubos no caudal, pois con frecuencia se facían tomas ilegais enganando canas que funcionaban como fontes improvisadas ou se desviaban para rego. Había nesta rúa dúas fontes, sendo a das augas sobrantas da arqueta para uso exclusivo da veciñanza deste barrio.

5 Igrexa e cemiterio da Pastoriza

Construída no século XVIII e remodelada despois baixo o mecenado do arcebispo Vélez, este templo chama a atención polas súas formas inspiradas nos edificios clásicos. Noutro tempo situábase no centro dun pequeno cemiterio, nunha paisaxe verde dominada polas hortas e agros e polo Campo da capela, onde se celebraba a festa. Hoxe o cemiterio é máis pequeno.

6 Monte da Almáciga

Este outeiro dominou durante séculos a paisaxe urbana de Santiago. Era tamén unha parte fundamental da vida da súa veciñanza, pois constituía un dos poucos espazos de aproveitamento común. En efecto, agás algunhas fincas nas zonas máis próximas aos camiños que saían da cidade, o resto do monte estaba destinado á devesa e pastos nos que todos e todas—independentemente da súa condición— podían coller leña ou pacer as bestas. Pola súa importancia nas economías domésticas e para comodidade da veciñanza —que non tiña que camiñar gran distancia ou pagar por estes servizos—, o Concello vixiou desde sempre a construción de galpóns e vivendas e a creación de hortas, prohibindo e castigando a usurpación e ocupación do que era colectivo. Con todo, como quedaba separado das casas, foi lugar elixido para servir durante o século XIX como lazareto ou espazo de corentena en tempos de andazo ou como depósito de pólvora. Mesmo chegou a haber, no cumio, un pozo para gardar a neve que logo servía para facer sorbetes e refrescos.

7 Parque da Almáciga

O cumio do outeiro é hoxe un parque que regala a quen o visita espectaculares panorámicas sobre a cidade. Diseñado na década dos 90, forma parte do anel verde que rodea a cidade histórica e substitúe as antigas fincas de labradío e pastos. Coroa o conxunto a obra *Proa anciño* de Silverio Rivas.

8 O depósito de auga

A posta en marcha dunha traída de augas moderna foi un proxecto colectivo que se desenvolveu lenta e traballo-samente. Este depósito foi a súa principal infraestrutura

xa que non só almacenaba a auga para a súa distribución senón que tamén achegaba ao sistema a presión que permitiu que chegara ás casas un caudal regular e suficiente. Construíuse en 1922 e grazas a el foi posible algo hoxe tan habitual como abrir unha billa e beber auga potable.

9 Barrio da Almáciga

Agás as zonas máis próximas ás antigas estradas da Coruña e Lugo, o núcleo do barrio da Almáciga xurdiu en tempos relativamente recentes. Conserva, por esta razón, un certo carácter suburbano nalgunhas zonas con hortas e vivendas tradicionais renovadas. A maior parte das construcións aséntanse sobre os agros e hortas que circundaban o monte común, de xeito que algunhas rúas (Arzúa, Teo) seguen o percorrido dos antigos camiños que o cruzaban.

10 Escultor Asorey

Francisco Asorey (*O escultor da raza*), sen dúbida o escultor galego máis senlleiro do século XX, foi veciño deste barrio. Durante un tempo tivo o seu estudo na rúa da Caramoniña, na casiña que hoxe queda entre Bonaval e o CGAC. Logo trasladouse a unha casa entre leiras preto de Santa Clara. Alí naceron obras tan sinaladas como *O tesouro*, o monumento a Francisco de Asís ou o de Curros Enríquez na Coruña.

11 Os Basquiños

Esta zona ten a súa orixe no antigo Barrio de Santa Clara e no casarío das Pereiras, que acabaron conformando un rúeiro ao longo do vello camiño á Coruña. Destaca, desde moi pronto, pola súa vocación artesanal, sendo zona de residencia de xornaleiros de distintos oficios e de artesáns con obradoiro na propia vivenda. Despega definitivamente a partir do s. XVIII e, sobre todo, desde finais do XIX: fábricas de feltro para sombreiros ou de mobles, fornos de pan ou mesmo unha chocolatería tiveron a súa sede nesta zona.



A última batalla

Na primavera de 1467 as xentes comúns de Galicia (cidadáns e labregos) levantáronse contra os seus señores *por su rey y por su grey y por la cosa pública*. Reclamaban respecto ás leis e costumes, o fin da violencia indiscriminada e un mellor goberno dos asuntos colectivos. Nuns meses desmanteláron os castelos galegos e puxeron en fuga aos que non respectaban a súa autoridade. Trátábase de Irmandades xurdidas en todas as vilas e xurisdicións que conformaban continxentes militares, pobremente armados, pero numerosos. Noutra primavera, a de 1469, os señores organizaron os seus asuntos en Castela e tomaron a iniciativa para recuperar as súas terras e poderes. O máis importante señor de Galicia, o arcebispo Afonso de Fonseca, tivo que loitar pola súa cidade. Contan que na batalla da Almáciga máis de 10.000 irmandiños intentaron o último acto de resistencia nun fito que quedou para sempre no imaxinario popular porque, malia que perderon, as cousas nunca volverían a ser coma antes...